

CROCODILO NAMORADO

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 15 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Crocodilo namorado (galego)

ISBN 978-84-8464-288-6. Demademora.

Cocodrilo se enamora (castelán)

ISBN 978-84-8464-290-9. Obras de autor. Primeros lectores.

El cocodríl enamorat (catalán)

ISBN 978-84-8464-287-9. Obres d'autor. Primers lectors.

Krokodilo txikia maitemindu da (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-287-9. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Um pequeno Crocodilo temurento que só visto (portugués)

ISBN 978-989-8205-63-6. Obras de autor. Primeiros leitores.

Hai días en que Crocodilo está inquedo.

Ás veces ten frío, ás veces ten calor,

ás veces está moi triste, e outras veces está tan contento

que lle gustaría darlle unha aperta a todo o mundo.


O que lle pasa é que está namorado...

Este título é o primeiro dunha serie protagonizada por Crocodilo e Xirafa, dous personaxes que se namoran e forman unha parella peculiar. Aparentemente, a súa relación podía resultar complicada porque a diferenza máis notable entre eles é a estatura.

Pero é aí onde Crocodilo emprega toda a súa maña, co obxectivo de chamar a atención de Xirafa. Así, sucédense situacións cheas de humor coas que Crocodilo procura que ambos se atopen para que Xirafa poida percibir o seu interese por ela. Pero o azar encárgase de frustrar ese cruce de olladas e de sorrisos necesario para que xurda a chispa do amor.

Un libro sobre un sentimento universal que explica -cunha linguaxe sinxela e cercana- o torrente de sensacións e de emocións que se producen en quen se namora. Tamén destaca por abordar este tema dende un enfoque global, partindo de situacións cotiás. Nunha sociedade onde se procura a integración de razas, culturas, crenzas, e onde son cada vez máis habituais novas tipoloxías de familia, este álbum transmite unha mensaxe fundamental: non é cuestión de altura, peso, idioma ou cultura; cando irrompe o amor, todas as barreiras son superables.

Dende o punto de vista estético, o estilo de Daniela Kulot desprende dozura e colorido. A serie de Crocodilo e Xirafa continúa cos álbums titulados “Unha parella diferente”, “Unha casa a medida” e “Unha familia normal”.



- **Temática:** o amor e a parella.
- **Idade recomendada:** dende 5 anos.
- **Aspectos destacables:** reflexión sobre o amor, que transcende barreiras, e sobre a aceptación das diferenzas; parella, familia; outros títulos da serie: “[Unha parella diferente](#)”, “[Unha casa a medida](#)” e “[Unha familia normal](#)”; outras obras da autora: “[Bromas na escuridade](#)” e “[Un lío de cordones](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**


<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/crocodilo-namorado-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística na Universidade de Augsburg, aos que seguiron cursos de deseño gráfico e ilustración. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Completou a súa formación na Escola de Belas Artes de Munich. Foi visitando feiras internacionais de literatura infantil como a de Boloña, cando a editorial alemá Thienemann lle deu a primeira oportunidade de publicar. En 1999 comezou a impartir clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra expúxose na Bial Internacional de Bratislava (1997), no Museo de Günzburg (2001) e na Feira de Arte de Nagama en Xapón (2002), entre outras cidades.

<http://daniela-kulot.de>



O que lle pasa é que está namorado.
Pero ten un problema: está namorado de Xirafa.
E Xirafa é moi, moi alta.

A Crocodilo non lle importa que sexa tan alta.
O problema é que Xirafa non pode ver o seu encantador sorriso.